

## **BASES XERAIS**

### **CURSO DE “OCIO INCLUSIVO”**

#### **1. INFORMACIÓN XERAL**

O curso de “*Ocio Inclusivo*” terá unha duración de 80 horas, das cales 30 serán presenciais e 50 na modalidade teleformación.

*Datas formación:* 26 de maio; 2, 9, 16, 23 e 30 de xuño. (Venres)

*Horario:* 09:00 a 14:00

*Lugar:* Aula do Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

*Cota de inscrición:* 30 euros

Número máximo prazas: 15 - Número mínimo prazas: 10

#### **2. DESTINATARIOS/AS**

Persoas maiores de 16 anos, interesadas en mellorar a súa formación na desenvolvemento do lecer inclusivo.

Darase preferencia as persoas que estean empadroados no Concello de Rianxo.

#### **3. INSCRICIÓNS**

As persoas que desexan participar neste curso realizarán a inscrición en liña en [www.concelloderianxo.gal](http://www.concelloderianxo.gal). Poderase realizar de xeito presencial no Servizo de Xuventude, sito no Auditorio de Rianxo.

O prazo para presentar as solicitudes será **dende o 10 de maio ás 12:00 ata o 18 de maio ás 24:00 horas.**



#### 4. SELECCIÓN

1º Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo.

2º Por orde de inscrición.

#### 5. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

As persoas admitidas serán avisados/as mediante chamada telefónica ou correo electrónico entre os días 19 e 23 de maio. Publicarase o listado de admitidos e reservas no apartado Fórmate Rianxo da web [concelloderianxo.gal](http://concelloderianxo.gal).

Terán un prazo de 2 días para facer o abono da cota de inscrición (30 euros), mediante o pago do recibo facilitado polo Servizo de Xuventude.

Unha vez feito o pago do recibo, deberán presentar o xustificante bancario no Servizo de Xuventude. De non recibirse o xustificante o segundo día, chamarase ao seguinte do listado que terá un prazo de 2 días para aboalo.

Tanto no caso de non comezar o curso e non comunicalo por escrito previamente, como de sobrevir na súa participación non se devolverá a cota de inscrición.

#### 6. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supéditase á acreditación dunha presenza mínima do 90% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregaranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.